

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 20-08-2026, ditou a resolución con número 2377/2026 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Concesión provisional de Subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2026.

Primeiro.- Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 18 de maio de 2026 foron aprobadas as "Bases xerais reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividade deportiva durante o ano 2026", e as Bases específicas da convocatoria do programa de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2026".

Foi publicada a convocatoria no Bop da provincia de A Coruña nº 96, de 25 de maio de 2026, e o correspondente extracto relativo á Base Nacional de Datos de Subvencións no Bop da provincia de A Coruña nº 100, de 29 de maio de 2026, e rematou o prazo de presentación de solicitudes o 30 de xuño de 2026.

Segundo.- A totalidade das solicitudes referidas nesta resolución foron presentadas dentro do prazo establecido na convocatoria e cumpren cos requisitos establecidos nela.

Terceiro.- De acordo coa base 9 das Bases reguladoras Xerais, por decreto de alcaldía 2359/2026 do 19 de agosto, designáronse os membros da Comisión Avaliadora, que celebrou a súa xuntanza o día 20 de agosto de 2026, da que se emite acta e na cal se fomulou proposta de resolución provisional.

Cuarto.- Consta non expediente o informe do Técnico de Deportes.

Vistos os antecedentes sinalados e as disposicións legais de aplicación,

RESOLVO:

Primeiro.- Non admitir as solicitudes que figuran no Anexo 1 polos motivos que se indican.

Segundo.- Conceder provisionalmente as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2026 ás entidades que se relaciona no Anexo 2, polos importes que se indican, con cargo á aplicación 3410/48900 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal en vigor, sendo o importe total proposto de 3.515,48 €.

Terceiro.- Conceder provisionalmente as subvencións ás entidades que se relacionan no Anexo 3, condicionadas polos motivos que se indican, que deberán ser emendados polos solicitantes no prazo de dez días hábiles que se sinala máis adiante.

Cuarto.- Conceder un prazo de dez días hábiles para comunicaren, ben o desestimento da solicitude, a reformulación ou o cambio de obxecto, ou ben para de o estimar oportuno, presentaren alegacións. No caso de non formular desestimento expreso, a subvención considerárase aceptada tácitamente.

Quinto.- Ordear a notificación ós interesados propostos como beneficiarios mediante anuncio público no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo (www.sede.carballo.gal.)

Sexto.- Tal e como establecen as bases a resolución de concesión provisional non crea dereito ningún a favor da entidade beneficiaria proposta fronte ó Concello de Carballo mentres este non lle notifique a concesión definitiva da subvención.

Anexo 1.- Solicitudes de Subvencións para o financiamento de organización e participación en fases de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2026 Non Admitidas.

Non admitidas					
Nº	Solicitante	CIF/NIF	Expediente	Proxecto a Subvencionar	Motivo
1	Club Xadrez O Toque Xiria	G70072582	2026/ A003/000628	Campionato de España de Xadrez Sub 8	Desistencia da Solicitud

Anexo 2.- Subvencións concedidas para para o financiamento de organización e participación en fases de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2026. Concesión Provisional.

Puntuacións e Importes obtidos polas solicitudes de subvencións para o financiamento de organización e participación en fases de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2026. CONCESIÓN PROVISIONAL.							
Nº	Entidade Solicitante	CIF/NIF	Obxecto	Puntos	Importe subvención	Coef. Fin. %	Orz. Subv. a Xustificar
1	Club Narani Carballo	G42888586	Campionato de España Pre-Junior, Junior e Sénior ITF de Cintos Negros	52,31	515,48 €	70.00 %	736.41 €
2	Escola Lubiáns de Hockey e Patinaxe	G15149230	Organización Sector Campionato de España Alevín 2026	62,69	1.000,00 €	33.59 %	2,976.70 €
3	Escola Lubiáns de Hockey e Patinaxe	G15149230	Fase de ascenso OK Prata	68,46	1.000,00 €	30.35 %	3,294.76 €
4	Salvamento y Socorrismo Carballo	G15171911	XL Campeonato de España de Primavera Juvenil, Junior y Absoluto XIV Castellón de la Plana.	59,23	1.000,00 €	32.53 %	3,073.82 €
Total					3.515,48 €		

Anexo 3.- Subvencións concedidas provisionalmente e condicionadas polos motivos indicados, para para o financiamento de organización e participación en fases de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2026. Concesión Provisional Condicionada.

Subvencións concedidas provisionalmente e condicionadas polos motivos indicados, para para o financiamento de financiamento de organización e participación en fases de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2026. Concesión Provisional Condicionada.								
Nº	Entidade Solicitante	CIF/NIF	Obxecto	Puntos	Importe subvención	Coef. Fin. %	Orz. Subv. a Xustificar	Motivo
1	Agrupación Deportiva Fogar da Xuventude	G15160773	Campionatos de España 2026	65,00	1.500,00 €	50.00 %	3,000.00 €	Debe presentar certificación acreditativa de estar ao corrente de pago coa Seguridade Social
2	Chong Taekwon-Do Carballo	G70752472	Campionato de España de Kickboxing	45,38	562,50 €	26.05 %	2,159.60 €	Debe presentar certificación acreditativa de estar ao corrente nas obrigas coa Axencia estatal da administración tributaria
Total					2.062,50 €			

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde
José Daniel Pérez López

Secretaria
Carmen del Río Rodriguez

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.
Secretaria
Carmen del Río Rodríguez